

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MPI999	Lingua estranxeira profesional II - Inglés	2024/2025	2	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	XOANA COSTA RIVAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Lingua estranxeira profesional II impartirase tomando o Inglés como idioma vehicular.

Este módulo está plantexado coma un apoio aos contidos e capacidades adquiridas nos outros módulos profesionais.

Tal como se indica na RESOLUCIÓN do 19 de maio de 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional plurilingües para o curso 2023-2024 no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia:

"O modelo de ensino plurilingüe impulsado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no abeiro da Estratexia galega de linguas estranxeiras 2030 (EDUlingüe) ten como finalidade potenciar a aprendizaxe de idiomas estranxeiros".

"O Plan de recuperación, transformación e resiliencia da economía española inclúe no Compoñente 20, o Plan estratéxico de impulso da formación profesional, que establece como reto a transformación de cursos de especialización e ciclos formativos de grao medio e superior en ensinanzas de oferta plurilingüe".

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					999900			
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	0	0				
2	Comprensión oral	Recoñecemento da información cotiá e da máis habitual do ámbito profesional do título, contida en discursos orais claros e da lingua estándar, emitidos en lingua estranxeira.	13	25	X			
3	Comprensión lectora	Interpretación da información contida en textos claros e cotiáns escritos en lingua estranxeira relacionados co ámbito profesional do título.	14	25		X		
4	Expresión oral	Produción de mensaxes orais sinxelas e participación en conversas habituais do ámbito profesional do título.	18	25			X	
5	Expresión escrita	Elaboración e formalización de documentos e informes sinxelos propios da vida cotiá, académica e do ámbito profesional do título.	18	25		X		X
Total:			63					

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	0

**4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Formación dual	1	Actividades na empresa.	0,0
<b>TOTAL</b>			<b>0</b>

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividades na empresa. - Actividades que se desenvolverán na empresa.						0,0
<b>TOTAL</b>						<b>0,0</b>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Comprensión oral	13

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta información do ámbito profesional do título en textos orais e conversas complexas, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	SI

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Terminoloxía do ámbito profesional.	1	Interpretación de textos orais.	13,0
<b>TOTAL</b>			<b>13</b>

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse a idea principal e as secundarias de textos orais e de conversas propios do ámbito profesional	• PE.1	S	28
CA1.2 Extraéronse informacións específicas de mensaxes complexas	• PE.2	N	12
CA1.3 Comprendéronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, e identifícanse as pautas de cortesía asociadas	• OU.1	S	24
CA1.4 Identifícanse e utilízanse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira	• PE.3	N	12
CA1.5 Interpretouse en textos orais información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional	• PE.4	S	20
CA1.6 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral	• PE.5	N	4
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Textos orais e conversas propios do ámbito profesional. Idea principal e ideas secundarias. Finalidade. Informacións específicas. Rexistros.
Comprensión de mensaxes complexas propias do ámbito profesional.
Mensaxes de saúdo e de despedida. Formas de presentación lingüisticamente complexas. Pautas de cortesía asociadas.
Ferramentas de apoio para a interpretación da lingua estranxeira.

Contidos
Recursos lingüísticos para a tradución da lingua estranxeira.
Interpretación de información sobre produtos e servizos do ámbito profesional.
Terminoloxía do ámbito profesional.
Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión oral.

**4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Interpretación de textos orais. - (Ámbito profesional do título)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Amosa diferentes presentacións audiovisuais e un cuestionario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asiste ás presentacións e cubre probas escritas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Prácticas na aula. Diferentes probas escritas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Material multimedia de English File Upper-Intermediate B2. Algunhas páxinas web das que se extrae material complementario son: <a href="http://www.oup.com/elt/englishfile/elementary/">¿ www.oup.com/elt/englishfile/elementary/ ¿</a> <a href="http://www.isabelperez.com/">¿ www.isabelperez.com/ ¿</a> <a href="http://www.soundsofenglish.org/">¿ www.soundsofenglish.org/ ¿</a> <a href="http://www.bbc.co.uk/worldservice/learningenglish/">¿ www.bbc.co.uk/worldservice/learningenglish/ ¿</a> <a href="http://www.mansioningles.com/">¿ https://www.mansioningles.com/ ¿</a> <a href="https://learnenglish.britishcouncil.org/es">https://learnenglish.britishcouncil.org/es ¿</a> <a href="https://www.ted.com/talks">¿ https://www.ted.com/talks ¿</a> <a href="https://edition.cnn.com/">https://edition.cnn.com/ ¿</a> <a href="https://www.bbc.com/news">¿ https://www.bbc.com/news ¿</a> <a href="https://www.theguardian.com">https://www.theguardian.com</a></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.1</li> <li>• PE.1</li> <li>• PE.2</li> <li>• PE.3</li> <li>• PE.4</li> <li>• PE.5</li> </ul>	13,0
<b>TOTAL</b>						<b>13,0</b>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Comprensión lectora	14

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Interpreta información profesional do ámbito do título en textos escritos e documentos, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	SI

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Textos específicos do ámbito profesional.	1	Interpretación de textos escritos.	14,0
<b>TOTAL</b>			<b>14</b>

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse e utilízanse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira	• PE.1	S	20
CA2.2 Interpretouse en textos escritos información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional	• PE.2	S	20
CA2.3 Interpretáronse estatísticas e gráficos en lingua estranxeira sobre o ámbito profesional	• TO.1	N	12
CA2.4 Léronse e comprendéronse, con un alto grao de independencia, distintos tipos de textos	• PE.3	S	20
CA2.5 Identifícouse o contido de artigos, noticias e informes sobre temas profesionais	• PE.4	N	10
CA2.6 Analizouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes	• OU.1	N	8
CA2.7 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita	• PE.5	N	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Textos específicos do ámbito profesional. Servizos e produtos do ámbito.
Comprensión independente de diferentes tipos de textos.
Interpretación de gráficos e estatísticas.
Lectura de textos con apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.
Información específica en mensaxes técnicas.
Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.
Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión escrita.

**4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Interpretación de textos escritos. - (Ámbito profesional do título)	<ul style="list-style-type: none"> <li>Diferentes probas escritas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Práctica na aula. Diferentes probas escritas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Diferentes probas escritas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Material multimedia de English File Upper-Intermediate B2. Algunhas páxinas web das que se extrae material complementario son: <a href="http://www.oup.com/elt/englishfile/elementary/">www.oup.com/elt/englishfile/elementary/</a> ; <a href="http://www.isabelperez.com/">www.isabelperez.com/</a> ; <a href="http://www.soundsofenglish.org/">www.soundsofenglish.org/</a> ; <a href="http://www.bbc.co.uk/worldservice/learningenglish/">www.bbc.co.uk/worldservice/learningenglish/</a> ; <a href="http://www.mansioningles.com/">www.mansioningles.com/</a> ; <a href="https://learnenglish.britishcouncil.org/es">https://learnenglish.britishcouncil.org/es</a> ; <a href="https://www.ted.com/talks">https://www.ted.com/talks</a> ; <a href="https://edition.cnn.com/">https://edition.cnn.com/</a> ; <a href="https://www.bbc.com/news">https://www.bbc.com/news</a> ; <a href="https://www.theguardian.com">https://www.theguardian.com</a></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1</li> <li>PE.1</li> <li>PE.2</li> <li>PE.3</li> <li>PE.4</li> <li>PE.5</li> <li>TO.1</li> </ul>	14,0



<b>TOTAL</b>	<b>14,0</b>
--------------	-------------

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Expresión oral	18

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Produce mensaxes orais e mantén conversas en lingua estranxeira, en situacións habituais do ámbito profesional do título	SI

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Estratexias comunicativas para unha expresión fluída sobre temas profesionais.	1	Produción de mensaxes orais.	18,0
<b>TOTAL</b>			<b>18</b>

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Expresouse con fluidez sobre temas profesionais, marcando con claridade a relación entre as ideas	• TO.1	S	10
CA3.2 Utilizáronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, consonte as pautas de cortesía asociadas	• TO.2	S	10
CA3.3 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais	• TO.3	N	10
CA3.4 Utilizouse un vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación	• TO.4	S	10
CA3.5 Comunicouse espontaneamente utilizando correctamente nexos e estratexias de interacción, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias	• TO.5	S	10
CA3.6 Formuláronse as preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta da mensaxe	• TO.6	N	10
CA3.7 Proporcionáronse as respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas	• TO.7	S	10
CA3.8 Transmitíronse con fluidez mensaxes relativas a calquera eventualidade	• TO.8	N	10
CA3.9 Atendéronse consultas telefónicas propias do ámbito profesional	• TO.9	N	10
CA3.10 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión oral	• TO.10	N	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Estratexias comunicativas para unha expresión fluída sobre temas profesionais. Relación entre as ideas e mantemento da claridade no discurso oral.
Mensaxes de saúdo, presentación e despedida. Produción consonte as pautas de cortesía asociadas.
Fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais.
Vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación.
Estratexias de interacción en conversas habituais do ámbito profesional. Uso correcto de nexos. Nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.

Contidos
Preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta dunha mensaxe. Respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas.
Fluidez na transmisión de mensaxes relativas a calquera eventualidade.
Consultas telefónicas propias do ámbito profesional.
Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión oral.

**4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Produción de mensaxes orais. - (Situacións habituais do ámbito profesional)	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Práctica oral na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Diferentes probas e prácticas orais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Material multimedia de English File Upper-Intermediate B2. Algunhas páxinas web das que se extrae material complementario son: <a href="http://www.oup.com/elt/englishfile/elementary/">¿ www.oup.com/elt/englishfile/elementary/</a> ¿ <a href="http://www.isabelperez.com/">¿ www.isabelperez.com/</a> ¿ <a href="http://www.soundsofenglish.org/">¿ www.soundsofenglish.org/</a> ¿ <a href="http://www.bbc.co.uk/worldservice/learningenglish/">¿ www.bbc.co.uk/worldservice/learningenglish/</a> ¿ <a href="http://www.mansioningles.com/">¿ https://www.mansioningles.com/</a> ¿ <a href="https://learnenglish.britishcouncil.org/es">https://learnenglish.britishcouncil.org/es</a> ¿ <a href="https://www.ted.com/talks">https://www.ted.com/talks</a> ¿ <a href="https://edition.cnn.com/">https://edition.cnn.com/</a> ¿ <a href="https://www.bbc.com/news">https://www.bbc.com/news</a> ¿ <a href="https://www.theguardian.com">https://www.theguardian.com</a></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1</li> <li>TO.2</li> <li>TO.3</li> <li>TO.4</li> <li>TO.5</li> <li>TO.6</li> <li>TO.7</li> <li>TO.8</li> <li>TO.9</li> <li>TO.10</li> </ul>	18,0
<b>TOTAL</b>						<b>18,0</b>

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Expresión escrita	18

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Interpreta información profesional do ámbito do título en textos escritos e documentos, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio	NO
RA4 - Redacta e cobre documentos de carácter profesional no ámbito do título, coa cohesión e a coherencia requiridas para unha comunicación eficaz	SI

**4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Redacción de cartas, correos electrónicos, notas e informes. 1.2 Redacción de cartas de presentación para ofertas de emprego. 1.3 Elaboración do curriculum vitae.	1	Producción de mensaxes escritos.	18,0
<b>TOTAL</b>			<b>18</b>

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.5 Identifícase o contido de artigos, noticias e informes sobre temas profesionais	• PE.1	S	10
CA2.6 Analízase información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes	• PE.2	N	8
CA4.1 Formalizáronse con corrección e empregando a terminoloxía específica formularios, informes breves e outro tipo de documentos normalizados ou rutineiros	• PE.3	S	8
CA4.2 Redactáronse cartas, correos electrónicos, notas e informes consonte as convencións apropiadas para estes textos	• PE.4	S	12

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.3 Resumíronse informacións de revistas, folletos e outras fontes, sobre asuntos relacionados co ámbito profesional	• PE.5	N	8
CA4.4 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos escritos	• PE.6	N	8
CA4.5 Elaboráronse documentos propios da actividade profesional cunha estrutura coherente e con cohesión, empregando o vocabulario e os signos de puntuación adecuados	• PE.7	S	10
CA4.6 Elaboráronse documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades	• PE.8	N	8
CA4.7 Redactouse a carta de presentación para unha oferta de emprego	• PE.9	S	12
CA4.8 Elaborouse un curriculum vitae no modelo europeo (Europass) ou outros propios dos países da lingua estranxeira	• PE.10	S	12
CA4.9 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión escrita	• PE.11	N	4
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Ferramentas de apoio para a interpretación da lingua estranxeira.
Lectura de textos con apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.
Información específica en mensaxes técnicas.
Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.
Formalización de formularios, informes breves e outros documentos normalizados ou rutineiros.
Redacción de cartas, correos electrónicos, notas e informes.
Estrutura coherente e recursos cohesivos.
Vocabulario específico do ámbito profesional.
Elaboración de documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades.
Redacción de cartas de presentación para ofertas de emprego.

Contidos
Elaboración do curriculum vitae.
Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión escrita.

**4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Produción de mensaxes escritos. - (Documentos de carácter profesional)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Probas escritas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de curriculum vitae, correos, e textos relacionados do título correspondente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diferentes probas escritas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Material multimedia de English File Upper-Intermediate B2. Algunhas páxinas web das que se extrae material complementario son: ¿ <a href="http://www.oup.com/elt/englishfile/elementary/">www.oup.com/elt/englishfile/elementary/</a> ¿ <a href="http://www.isabelperez.com/">www.isabelperez.com/</a> ¿ <a href="http://www.soundsofenglish.org/">www.soundsofenglish.org/</a> ¿ <a href="http://www.bbc.co.uk/worldservice/learningenglish/">www.bbc.co.uk/worldservice/learningenglish/</a> ¿ <a href="http://www.mansioningles.com/">www.mansioningles.com/</a> ¿ <a href="https://learnenglish.britishcouncil.org/es">https://learnenglish.britishcouncil.org/es</a> ¿ <a href="https://www.ted.com/talks">https://www.ted.com/talks</a> ¿ <a href="https://edition.cnn.com/">https://edition.cnn.com/</a> ¿ <a href="https://www.bbc.com/news">https://www.bbc.com/news</a> ¿ <a href="https://www.theguardian.com">https://www.theguardian.com</a></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.3</li> <li>• PE.4</li> <li>• PE.5</li> <li>• PE.6</li> <li>• PE.7</li> <li>• PE.8</li> <li>• PE.9</li> <li>• PE.10</li> <li>• PE.11</li> </ul>	18,0
<b>TOTAL</b>						<b>18,0</b>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles:

- O alumnado demostra que entende a idea esencial dos textos escritos en lingua inglesa que se lle presentan.
- O alumnado demostra que entende a idea esencial obtida a través de medios audiovisuais producidos en lingua inglesa.
- O alumnado demostra que pode comunicar unha idea esencial relacionada co seu ámbito de traballo en lingua inglesa.
- O alumnado demostra que pode producir textos en lingua inglesa relacionados co seu ámbito de traballo.

Criterios de cualificación:

A materia está plantexada seguindo unha metodoloxía de aprendizaxe por tarefas, polo que non haberá exame. As tarefas realizaranse na aula e cada trimestre haberá unha tarefa de cada unidade para acadar a nota final, que é a media aritmética entre as catro habilidades (listening, reading, writing, speaking).

En caso de perder o dereito á avaliación continua, o alumnado realizará un exame con esas mesmas catro partes (listening, reading, writing, speaking) no mes de Xuño.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Se o alumnado non acadase o aprobado coas tarefas da aula, terá a oportunidade de repetilas.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua, terá dereito a un exame final do 4 ó 11 de xuño, coas mesmas partes e o mesmo peso na nota das tarefas que se fixeron nas avaliacións ordinarias.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Neste módulo non se poden separar as competencias orais e escritas das capacidades de comprensión oral e lectora. Por esta razón, todas as unidades comezarán ó mesmo tempo e rematarán á finalización do curso. O seguimento farase trimestralmente, posto que se traballará sobre as mesmas actividades durante todo o período lectivo.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso farase unha proba de avaliación inicial, na que se identificarán os diferentes niveis presentes no grupo, así como as posibles necesidades especiais do alumnado. De detectarse a existencia dalgún alumno con NEE ou NEAE traballarase conxuntamente co departamento de orientación para deseñar un plan específico de actuación e adaptación ou reforzo educativo.

Os resultados da avaliación inicial empregaranse para establecer o nivel de partida e as diferentes estratexias para poder cumprir cos RA do módulo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso de haber alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, actuarase de forma coordinada co departamento de Orientación do centro, procurando dar unha atención o máis personalizada posible.

Salvo que se indique a necesidade de aplicar unha Adaptación Curricular individualizada, en caso de haber alumnado con NEAE, aplicaranse as medidas de reforzo de acordo co protocolo remitido polo departamento de educación.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Este módulo é especialmente atractivo á hora de abordar a transversalidade e a educación en valores, posto que a propia lingua e os diferentes rexistros culturais así o requiren. A base de todo proceso no que se estableza unha relación entre individuos será sempre tomando como base o respecto e a comprensión da posición da persoa coa que se estea a interactuar. Respetto e empatía.

Dentro dos contidos deste módulo, faise mención dos usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos propios da lingua estranxeira. Existen unha serie de diferenzas culturais que poden empregarse para



poder profundizar na educación en valores. En concreto, ao falar da lingua como vehículo profesional, estudaranse as normas de cortesía propias do ámbito (redactar emails formais, etiqueta en entrevistas de traballo, etc.)

#### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Esta parte da programación está aberta á posible realización de actividades fóra do centro.